



INFORME DA SECRETARÍA XERAL DA PRESIDENCIA SOBRE O PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE REGULA A COMPOSICIÓN E FUNCIONAMENTO DA COMISIÓN GALEGA DE CONTROL DA VIOLENCIA E O PROCEDEMENTO SANCIONADOR NA MATERIA

En cumprimento do disposto no artigos 40.4 e 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, respecto do *proxecto de decreto polo que se regula a composición e funcionamento da Comisión galega de control da violencia e o procedemento sancionador na materia*, esta Secretaría Xeral emite o preceptivo

INFORME

1.- Marco normativo

O Estatuto de autonomía de Galicia aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, no seu artigo 27.22, atribúe á Comunidade Autónoma de Galicia a competencia exclusiva en materia da promoción do deporte e axeitada utilización do ocio. Asemade, no artigo 27.5 atribúese á Comunidade Autónoma de Galicia a competencia en materia de autoorganización e de desenvolvemento de procedementos administrativos derivados do específico dereito galego.

Ao abeiro desta competencia ditouse a Lei 11/1997, do 22 de agosto, xeral do deporte de Galicia. En desenvolvemento desta lei aprobouse o Decreto 116/2004, de 27 de maio, polo que se crea a Comisión Galega para a Prevención da Violencia no Deporte.

A Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte en Galicia, que derogou a Lei 11/1997, do 22 de agosto, e a normativa de desenvolvemento desta, ten por obxecto a promoción e a coordinación do deporte na Comunidade Autónoma de Galicia, así como a ordenación do seu réxime xurídico e a súa organización institucional, de acordo coas competencias que o Estatuto de autonomía e o resto do ordenamento xurídico lle atribúen á Comunidade Autónoma de Galicia. A devandita norma recolle no artigo 5, entre as competencias da Administración autonómica, a de ditar as disposicións regulamentarias de desenvolvemento da mesma.

O Título IX da Lei 3/2012, do 2 de abril, relativo á actuación pública na prevención e represión da violencia e das condutas contrarias á boa orde deportiva, configura a Comisión Galega de Control da Violencia, no seu artigo 148, como un órgano colexiado de participación dos distintos sectores con intereses no ámbito da prevención e represión da violencia, de análise das súas causas e de exercicio da potestade sancionadora na materia, e no seu artigo 164 atribúe a esta Comisión a competencia





para a instrución e resolución dos expedientes na materia. Así mesmo, os citados artigos remiten a un ulterior desenvolvemento regulamentario tanto a regulación da composición da dita comisión como o establecemento do procedemento sancionador que ha de seguirse para o exercicio da potestade sancionadora atribuída á comisión.

Finalmente, de conformidade coa disposición adicional terceira da Lei 3/2012, do 2 de abril, que foi modificada pola Lei 13/2015, de 24 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, consonte o acordo da Comisión Bilateral de Cooperación da Administración Xeral do Estado-Comunidade Autónoma de Galicia, publicado por Resolución do 22 de xaneiro de 2013, da Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias (DOG do 19 de febreiro), o Título IX entenderase no marco da competencia exclusiva do Estado en materia de seguridade pública que lle atribúe o artigo 149.1.29ª da Constitución.

2. Necesidade, acerto e oportunidade

Respectando o marco normativo, a regulación prevista neste proxecto responde á necesidade dar cobertura e resposta as denuncias e adoptar decisións derivadas de incidentes con ocasión da practica de competicións oficiais deportivas de ámbito autonómico, provincial, zonal ou local, de cara a garantir un desenvolvemento ordenado dos acontecementos deportivos, toda vez que a Comisión Estatal contra a violencia, o racismo, a xenofobia e a intolerancia no deporte actúa nas competicións oficiais deportivas de ámbito estatal. A regulación prevista neste proxecto establece a composición e funcionamento da Comisión Galega de Control da Violencia no Deporte, como órgano ao que se lle atribúa unha serie de funcións destinadas a dar resposta e amparo ante situacións de comportamentos violentos e contrarios a boa orde deportiva que acontezan con motivo de competicións oficiais de ámbito autonómico, provincial ou local.

Neste sentido, a Lei 19/2007, do 11 de xullo, contra a violencia, o racismo, a xenofobia e a intolerancia no deporte, ademais de deixar expresamente a salvo, na disposición adicional oitava e na disposición derradeira primeira, as competencias autonómicas en materia de deporte e prevención da violencia en espectáculos públicos deportivos, fai mención expresa, no seu artigo 20.3.e), a función da Comisión Estatal contra a Violencia, o Racismo, a Xenofobia e a Intolerancia no Deporte, consistente en establecer mecanismos de colaboración e de cooperación coas Comunidades Autónomas para a execución das medidas previstas no precepto cando foran competencia delas, e especialmente cos órganos que con similares finalidades que a Comisión Estatal existan nas Comunidades Autónomas.





O proxecto de decreto desenvolve así mesmo a regulación do procedemento sancionador nesta materia.

3.- Contido

Con respecto á súa estrutura, o proxecto decreto estrutúrase en tres capítulos, cun total de 32 artigos, unha disposición adicional, unha disposición derogatoria única e dúas disposicións derradeiras.

No capítulo I recóllense as disposicións xerais, establecendo o obxecto da norma e a natureza da comisión.

O capítulo II está integrado por dezaioito artigos nos que se detallan: as funcións da comisión, a súa composición, o nomeamento, o cesamento e a renuncia das persoas membros, a duración do mandato destas e os seus dereitos e obrigas. Ademais prevese a posible participación de persoas asesoras expertas nas sesións da comisión, con voz e sen voto, e se regula o réxime de funcionamento do órgano..

O capítulo III ten por obxecto regular o procedemento sancionador nesta materia. Os doce artigos deste capítulo detallan a normativa aplicable, así como o procedemento que se debe seguir na tramitación e resolución, garantindo o dereito de defensa e audiencia das persoas interesadas.

A disposición adicional regula as axudas de custo que correspondan as vogalías da Comisión Galega de Control da Violencia, a disposición derogatoria con cláusula xeral de salvagarda, e dúas disposicións derradeiras, de habilitación normativa e entrada en vigor.

4.- Tramitación e procedemento

A tramitación do proxecto realizouse de conformidade co establecido no Título II da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Consta no expediente a documentación xustificativa dos seguintes trámites:

- Certificado trámite consulta pública previa 04/09/2017
- Acordo de inicio do 07/09/2017





- Memoria xustificativa do 07/09/2017 e nova memoria xustificativa do 26/03/2018
- Memoria económica - financeira do 07/09/2017 e informe complementario
- Táboa de vixencias do 07/09/2017 e nova táboa de vixencias do 26/03/2018.
- Informe do Servizo de Apoio Técnico, do 08/09/2017
- Aprobación inicial do 09/09/2017
- Comunicación trámite audiencia Federacións Deportivas Galegas 13/09/2017
- Informe Comisión Estatal contra la violencia, el racismo, la xenofobia y la intolerancia en el deporte 23/11/2017
- Informe da Secretaría Xeral da Igualdade, do 26/12/2017
- Informe da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, do 17/01/2018
- Informe Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa, do 21/12/2017 e 26/03/2018.
- Certificado publicación Portal de Transparencia e Goberno Aberto, do 08/01/2018.
- Informe da Asesoría Xurídica, do 23/03/2018
- Memoria xustificativa da Secretaría Xeral para o Deporte do tratamento dado ás alegacións recibidas e ás consideracións dos informes recadados, do 06/04/2018

En virtude do exposto, emítase o presente informe de conformidade cos artigos 40.4 e 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, e procede solicitar o ditame do Consello Consultivo de Galicia, segundo do disposto no artigo 12.c) da Lei 3/2014, do 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia.

Santiago de Compostela

O Secretario Xeral da Presidencia

Manuel Galdo Pérez

